

O Papel da Prominencia Perceptiva na Aprendizaxe Intersituacional en L2

Dra. Sara Fernández Santos (Friedrich-Alexander-Universität)

Martes 17 de marzo ás 12h

Sala académica - Facultade de Filoloxía, USC

Resumo

Os marcadores de caso resultan difíciles de adquirir tanto nas linguas naturais como nas artificiais, probablemente debido á súa baixa prominencia perceptiva: adoitan ser curtos, átonos e fáciles de pasar por alto. Nesta charla presentarei un experimento de aprendizaxe intersituacional no que falantes nativos de inglés foron expostos a unha lingua artificial baseada na fonotáctica do portugués. En concreto, o estudo manipulou a prominencia perceptiva dos marcadores de caso en termos de silabidade, acento e sonoridade (alta: /-'ka, -'fi/; baixa: /-l, -t/).

Os resultados suxiren que unha maior prominencia perceptiva pode aumentar a consciencia dos participantes sobre a forma e a posición destes marcadores nas primeiras fases da aprendizaxe dunha segunda lingua, aínda que non necesariamente mellore a aprendizaxe da súa función cando a estrutura obxectivo é complexa.

A continuación, presentarei brevemente dous proxectos de investigación nos que estou a traballar en colaboración con investigadoras da USC. O primeiro explora o *priming* estrutural como ferramenta para investigar as asociacións cognitivas entre dúas variantes de cláusula de obxecto relativo en español. O segundo analiza as posibles funcións predictivas do *code-switching*.

Abstract

The Role of Perceptual Salience in L2 Cross-Situational Learning

Case markers are challenging to acquire in both natural and artificial languages, likely due to their low perceptual salience: they tend to be short, unstressed, and easily overlooked. In this talk, I will introduce a cross-situational statistical learning experiment in which native English speakers were exposed to an artificial language based on Portuguese phonotactics. Crucially, the study manipulated the salience of case markers in terms of syllabicity, stress and sonority (high: /-'ka, -'fi/; low: /-l, -t/).

The results suggest that greater salience can increase learners' awareness of the form and position of these markers during early L2 learning, though it does not necessarily enhance learning their function when the target structure is complex.

Following this, I will briefly introduce two ongoing research projects in collaboration with researchers at USC. The first concerns structural priming as a tool for probing cognitive associations between two variants of Spanish object relative clause. The second examines the potential predictive functions of code-switching.